

PROXECTO LECTOR DO I.E.S. “SAN PAIO” 13-14

Limiar.-

A praxe docente diaria detecta unha serie de eivas que aconsellan incidir na potenciación dos hábitos de lectura e escritura.

Atopamos alumnos, sobre todo nos primeiros cursos da ESO, cunha mecánica lectora e da escrita moi frouxa: pouca velocidade, falta de ritmo e entoación, silabación, omisión da acentuación e da puntuación, faltas de ortografía, defectos na pronunciación e/ou articulación...

Outro grupo de alumnado, cun aceptable nivel de lectura e escritura mecánica, mostra dificultades de comprensión (por pobreza de léxico, falta de concentración, dificultades de expresión, construcións anacolúticas, mestura de linguas...) sendo incapaz de redactar ou de transmitir coas súas propias verbas contidos básicos de xeito coherente e intelixible.

Todo isto provoca, en último extremo, desinterese e fracaso escolar.

Cómpre contrarrestar a competencia e as facilidades ofertadas por outras fontes de información promovendo accións que subliñen os aspectos formativos, enriquecedores, lúdicos e divertidos da lectura sen obviar os atrancos que debemos vencer.

Como educadores non podemos limitarnos só ao ensino das técnicas para “saber ler”, é hora de dar o salto cualitativo ao “querer ler”, tarefa que debe ocupar a toda a comunidade educativa (alumnado, pais/nais e profesorado).

Temos que ser modelos de profesores-lectores. Hai que facer lecturas compartidas. Cómpre familiarizarse cos libros, que a nosa circunstancia sexan os libros.

Finalidade.-

Pasar do “saber ler” ao “querer ler”, fomentar o hábito e o pracer lector e contribuír a mellorar as capacidades leito-escritoras e as competencias lingüísticas, coordinando as accións do profesorado reforzadas coa colaboración activa dos demais membros da comunidade escolar é a finalidade que se propón o presente plan orientado ao logro dos seguintes

Obxectivos.-

1. Desenvolver as competencias básicas para a lectura, materia transversal de todas as áreas do currículo e ferramenta imprescindible para a aprendizaxe de todas as materias. A tal efecto utilizaremos textos continuos (narración, argumentación, descrición...) e discontinuos (impresos, mapas, táboas...), practicaremos a lectura en códigos diversos (verbais, icónicos, sonoros...) e con textos literarios, técnicos e funcionais, de diferentes formas (silenciosa, individual, colectiva...)

2. Potenciar as ferramentas lectoras (habilidades mecánicas, comprensivas e léxicas)
3. Relacionar a lectura coa escritura (expresión escrita, ortografía, técnicas de presentación, vocabulario) e a expresión oral.
4. Propiciar a relación íntima e persoal do alumnado co libro.
5. Descubrir a sensibilidade literaria do alumnado.
6. Potenciar o uso da biblioteca como centro de recursos para a aprendizaxe de todos os membros da comunidade educativa.
7. Implicar ao profesorado para que dea prioridade ao desenvolvemento das habilidades lectoras en todas as áreas do currículo e participe de maneira activa no plan lector. Para iso cómpre un programa coordinado que recolla os acordos ao respecto consensuados. Os Departamentos deseñarán e orientarán as tarefas a realizar nos distintos grupos e niveis.
8. Favorecer a comprensión lectora mediante técnicas de traballo persoal e colectivo e potenciar o uso dos dicionarios para solventar dúbidas sobre vocabulario descoñecido.
9. Ao ser un centro integrado no proxecto E-LBE: fomentar o manexo e xestión dos dispositivos electrónicos de lectura.
10. En resumo: Converter a comunidade educativa nunha comunidade de lectores.

Intervencións.-

O proxecto baséase nas seguintes actuacións:

1. Tempo específico de lectura nas aulas.
 1. 1. Programación de lecturas anuais.
2. Implicación dos diversos departamentos didácticos e as súas contribucións ao proxecto lector.
3. Dinamización da biblioteca do Centro.
4. Actividades extraordinarias de estimulación e fomento da lectura e o mundo dos libros.

Comentamos cada unha destas actuacións:

1. **Tempo específico de lectura nas aulas:** Neste curso abarca un total de vinte e unha sesións de trinta minutos semanais dende o martes 1 de outubro de 2013 ata o venres 23 de maio de 2014, consonte a seguinte táboa:

DÍA	DATA	HORA	AVALIACIÓN
MARTES	01/10/13	3ª (10.45-11.15)	1º TRIMESTRE (9 SESIÓNS)
	08/10/13	4ª (11.35-12.05)	
	15/10/13	5ª (12.45-13.15)	
	22/10/13	6ª (13.35-14.05)	
MÉRCORES	30/10/13	1ª (8.45-9.15)	
	06/11/13	2ª (9.35-10.05)	
	13/11/13	3ª (10.45-11.15)	
	20/11/13	4ª (11.35-12.05)	
	18/12/13	5ª (12.45-13.15)	
	15/01/14	6ª (13.35-14.05)	
XOVES	23/01/14	1ª (8.45-9.15)	2º TRIMESTRE (6 SESIÓNS)
	30/01/14	2ª (9.35-10.05)	
	06/02/14	3ª (10.45-11.15)	
	13/02/14	4ª (11.35-12.05)	
	20/02/14	5ª (12.45-13.15)	
	27/03/14	6ª (13.35-14.05)	
VENRES	04/04/14	1ª (8.45-9.15)	3º TRIMESTRE (6 SESIÓNS)
	11/04/14	2ª (9.35-10.05)	
	02/05/14	3ª (10.45-11.15)	
	09/05/14	4ª (11.35-12.05)	
	16/05/14	5ª (12.45-13.15)	
	23/05/14	6ª (13.35-14.05)	

Acordamos suprimir a actividade ao remate de cada trimestre durante os períodos de exames finais de cada avaliación.

1.1. Programación de lecturas anuais.

Para o tempo específico semanal común de lectura nas aulas, no presente ano, optamos pola lectura libre, individual e silenciosa de materiais aportados polo alumnado e profesorado (ben propios ou ben prestados pola biblioteca que tamén aporta fondos a aqueles alumnos que, por esquecemento ou apatía, non os traen das súas casas nin os solicitan previamente. As obras máis demandadas son as de literatura xuvenil, novidades, biografías, divulgación científica e banda deseñada.

Quedan excluídos como material de lectura os apuntamentos de clase, os libros de texto ou

de lectura obrigatoria.

2. Implicación dos diversos departamentos didácticos e as súas contribucións ao proxecto lector.

Ás lecturas citadas no apartado anterior cómpre engadir as que con carácter obrigatorio e/ou voluntario ofertan os distintos departamentos, recollidas nos correspondentes proxectos didácticos e adaptadas aos distintos contidos, materias e niveis.

Estes mesmos departamentos colaboran no proxecto lector con actividades específicas deseñadas para interpretar mapas, planos, estatísticas, gráficos, impresos, recibos, táboas, manuais técnicos... e para capacitar na lectura de códigos diversos (verbais, icónicos, sonoros...) e no uso racional e didáctico das novas tecnoloxías.

As intervencións dos apartados 3 e 4 aparecen recollidas nas liñas prioritarias de actuación da biblioteca para o presente curso (anéxanse).

Avaliación.-

Cómpre avaliar as diversas accións do proxecto lector para establecer as medidas correctoras e os cambios necesarios de cara a próximos cursos e así mantelo vivo.

A ferramenta de referencia máis completa neste apartado é *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?* A modo de resumo, os indicadores que máis temos en conta no proceso de autoavaliación son os tres seguintes:

- Enquisas anónimas entre alumnado e profesorado sobre o desenvolvemento e grao de satisfacción ao remate das principais actividades e por trimestres.
- Índices de lectura (préstamos, movemento de fondos...) e de asistencia (presencia de usuarios nos tempos de lecer e no horario de clase, actividades lectivas, complementarias ou extraescolares que se desenvolven na biblioteca...) e de participación nas diversas actuacións promovidas dende a biblioteca (concursos...)
- Percepción da evolución nas capacidades do alumnado: competencias leito-escritoras, autonomía da aprendizaxe, elaboración de traballos... a partir dos datos ofrecidos polo profesorado e titores dos distintos grupos.

A máis do seguimento que os departamentos fan pola súa conta, suxerimos as seguintes fichas de avaliación para coñecer en que medida se acadan os obxectivos proxectados e se incrementan as capacidades e competencias leito-escritoras do noso alumnado.

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

CURSO 2013-2014

1.- *Limiar*

O IES “San Paio” tenta perseverar no mantemento e mellora das iniciativas que ven desenvolvendo a prol da potenciación e utilidade da biblioteca e da capacitación lectora nos procesos de ensino-aprendizaxe.

2.- *Organización e xestión*

- Ampliación do horario de apertura (completando a recuperación de horas perdidas no curso 2011-12).
- Profundar na colaboración coa sección da EOI de Vigo para optimizar o uso compartido de fondos e local no horario de ámbalas dúas institucións.
- Dotación dun novo ordenador ao dispor dos usuarios.
- Maior difusión do protocolo de actuacións para guiar o traballo dos novos compañeiros e colaboradores do grupo de biblioteca.
- Incentivación do alumnado-colaborador.
- Atención prioritaria ás suxestións feitas polo alumnado para adquisición de novos fondos, de xeito especial literatura xuvenil e cine.
- Insistencia no expurgo de materiais a cargo dos departamentos.
- Reubicación de materiais para unha optimización do espazo dispoñíbel.
- Dotación, en colaboración co departamento de orientación, dun armario específico con materiais para atención á alumnado con NEE, atención á diversidade, agrupamentos específicos, diversificación curricular, inmersión lingüística...
- Aproveitamento de lugares moi frecuentados para manter pequenos puntos de lectura informal e de exposición de materiais da biblioteca ou relacionados con ela e as súas actividades.

3.- *Dinamización e promoción dos recursos, a súa integración no currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas*

- Continuación e afondamento no Proxecto multidisciplinar integrado de centro que mantendo o carácter voluntario do anterior, tentará implicar a novos departamentos (sobre todo das áreas científico-tecnolóxicas) partindo de cada materia e vinculado ao seu currículo. A biblioteca coordinará este proxecto e facilitará recursos para a súa elaboración.

- Potenciar a participación do alumnado na xestión dos blogues da biblioteca e do club de lectura e manter a vitalidade do espazo reservado á biblioteca dentro da páxina web do instituto.
- Novas guías de recursos bibliográficos e filmicos para a confección de traballos, conmemoracións...
- Mantemento das bibliomaletas (temáticas, por niveis, de aula...)
- Sesións informativas e prácticas con titores, profesorado e alumnado sobre os recursos materiais e virtuais da biblioteca.
- Actividades de animación e promoción da lectura, da escritura, de pequenas investigacións...
- Potenciación do Proxecto Lector.

4.- *Formación de usuarios, competencia informacional e dixital*

Actividades (en colaboración coas titorías) abertas a todos os membros da comunidade educativa pero, de xeito especial, ao alumnado e profesorado novo no centro.

- Xornadas de información teórica e práctica sobre elaboración de traballos en formato tradicional e/ou dixital.
- Xornadas de coñecemento da biblioteca, da CDU, de organización e busca de información en soporte impreso (directa e inversa) e/ou virtual.
- Sesións de divulgación e práctica dos recursos que oferta o programa MEIGA.
- Competencias básicas na busca na INTERNET (páxinas máis fiables, buscas seguras...)
- Manexo racional das novas tecnoloxías, coa colaboración do departamento TIC.
- Formación do profesorado: individual e creación dun novo grupo de traballo.
- Visita e coñecemento da biblioteca pública municipal e doutras.

5.- *Fomento da Lectura e Proxecto Lector de Centro*

- Publicidade de efemérides relacionadas co mundo do libro e da lectura.
- Patrocinio das recensións de actividades e lecturas feitas polo alumnado.
- Concursos (de textos de amor, de iniciativas de fomento da lectura, de poesía...)
- Continuación do *Biblioxornal*, con novas da biblioteca, guías de lectura, cine, música...
- A poesía e o libro do mes
- Continuación do Club de Lectura “Pedra do Acordo”
- Cine e literatura: lectura de obras e proxección de películas baseadas nelas.
- Música e letras: en colaboración co departamento de música, breves audicións e recitacións coincidindo con distintas conmemoracións.

- Visita ao centro de escritores, recitadores, ilustradores, cineastas, contacontos ... e publicidade e participación nas actividades culturais programadas ao longo do ano pola biblioteca municipal e/ou asociacións culturais.
- Rutas literarias: por Tui e bisbarra e tamén aproveitando viaxes didácticas
- Proxecto Lector: seguiremos a potenciar as actividades de capacitación lectora específicas dos distintos departamentos nas súas horas de docencia (lectura nos novos soportes e de todo tipo de textos: estatísticas, planos, mapas, recibos, facturas, circulares... a utilidade da lectura na vida diaria) e a lectura colectiva en novos soportes (EDI, canóns, lectores electrónicos...)

6.- *Outras actuacións*

- Contribución á compensación das desigualdades socio-educativas: colaboración cos departamentos de linguas na atención aos alumnos con dificultades lingüísticas e cos titores e o departamento de orientación no apoio aos que presentan problemas de adaptación ou situacións socio-económicas comprometidas.
- “Coñece a biblioteca do teu próximo centro”: xornadas de portas abertas para o alumnado do último curso dos colexios de primaria adscritos.
- “As bibliotecas da Eurocidade”: potenciar actividades comúns co resto das bibliotecas do concello e de Valença (escolares e municipais)
- Intervir, por segundo ano, no grupo “Enredando Versos” estando previsto que a xornada de convivencia poética se celebre nesta nova edición en Tui.
- Seguir colaborando e participando nas actividades interdisciplinares e festivas (Samaín, Nadal, fin de curso, viaxes didácticas, revista do centro, día contra a violencia de xénero, da muller, dos dereitos humanos, do traballo, semana da prensa...)